

NOVAS INSTRUCIÓNS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DA PROBA

Respecto ao tipo de exame, este seguirá a mesma estrutura que en convocatorias anteriores: 4 cuestións dos diferentes bloques da materia (valor de 8 puntos sobre 10), unha cuestión de formular frases (1 punto sobre 10) e un apartado test de 10 frases (1 punto sobre 10).

Na nova normativa que se aplicará nesta convocatoria, expónse que os diferentes bloques da materia teñan unhas determinadas proporcións:

Bloque 1. A base molecular e fisicoquímica da vida (20%)

Bloque 2. A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular (25%)

Bloque 3 Xenética e evolución (25%)

Bloque 4 O mundo dos microorganismos e as súas aplicacións. Biotecnoloxía (20%)

Bloque 5 O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións (10%)

Queremos destacar a diminución importante que se produce na avaliación do Bloque V. Iso implica que se ben non se cambiou a estrutura do exame, prodúcese **un cambio na puntuación das cuestións relacionadas con dito bloque**, cuxo máximo será de 1 punto sobre 10. Nese sentido, poderanse plantexar diferentes opcións de avaliación: pregunta breve (cun máximo de 1 p), elaboración de frases e preguntas tipo test.

A duración da proba seguirá sendo a mesma, unha hora e trinta minutos.